

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 24 de maio de 2017 pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se publican os parámetros de ponderación das materias de opción e troncais de modalidade da proba de avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2017/18.

O Real decreto lei 5/2016, do 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora educativa, dispón no artigo 2.4.c) que as administracións educativas organizarán a realización material da avaliación final de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) en colaboración coas universidades, que asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coas anteriores probas de acceso á universidade (PAU).

Igualmente, na Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, pola que se determinan as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/17, establécese no artigo 12 que as universidades asumirán as mesmas funcións e responsabilidades que tiñan en relación coa proba de acceso á universidade que se viña realizando ata o curso 2016/17.

Na Resolución conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 21 de febreiro de 2017, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18 (DOG núm. 60, do 27 de marzo de 2017), dispónse que en Galicia as ditas probas estarán reguladas, de forma supletoria, e no que resulte compatible co novo marco normativo, pola Orde do 24 de marzo de 2011, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do Sistema universitario de Galicia.

Na referida Orde do 24 de marzo de 2011, no artigo 4.1), dispónse que é a Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), como órgano interuniversitario, o que ten a delegación de competencias propias das universidades do Sistema universitario de Galicia en materia de acceso.



Por outra banda, no artigo 4.2 determínase que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará os membros da CiUG, de acordo co establecido no convenio asinado polos reitores das universidades do Sistema universitario de Galicia en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria con data do 12 de marzo de 2001.

A Lei 6/2013, do 3 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, dispón no seu artigo 11 que, para o ingreso nos centros universitarios, as universidades públicas integrantes do Sistema universitario de Galicia se constitúen nun distrito único para os estudos de grao e máster e as/os estudantes poderán acceder a calquera desas universidades sempre que reúnan os requisitos académicos necesarios.

Ao abeiro da referida normativa, as universidades do SUG aprobaron, respectivamente, o «Acordo das universidades públicas do Sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios de grao do Sistema universitario de Galicia, para o curso 2017/18» e os «Parámetros de ponderación das materias de opción e troncais de modalidade da proba de avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias de grao do Sistema universitario de Galicia» nos consellos de Goberno da Universidade da Coruña do 23 de febreiro de 2017 e do 27 de abril de 2017, nos consellos de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 3 de marzo de 2017 e do 5 de abril de 2017, e nos consellos de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de marzo de 2017 e do 11 de maio de 2017.

De conformidade co exposto,

DISPOÑO:

Artigo 1. Nomeamento dos membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia

Noméanse como membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) para o curso 2016/17 as seguintes persoas:

Presidente:

Antón Fernández Álvarez (delegado do reitor da Universidade de Vigo).

Vicepresidentes:

Pedro Armas Diéguez (delegado do reitor da Universidade da Coruña).

Luís María Hervella Torrón (delegado do reitor da Universidade de Santiago de Compostela).



Vogais en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

M^a del Carmen García Rodríguez.

Amparo Jiménez Carrión.

María Dolores Vázquez Froján.

Artigo 2. Publicación dos parámetros de ponderación

Publícanse no anexo desta orde os parámetros de ponderación das materias de opción e troncais de modalidade da proba de avaliación do bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia para o curso 2017/18.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de maio de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





ANEXO

Parámetros de ponderación de materias de opción e troncais de modalidade da proba de avaliación de bacharelato para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema universitario de Galicia. Curso 2017/18

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE											
		Artes Escénicas	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Grego II	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais	Xeografía
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1			
	Ciencias da Cultura e Difusión Cultural	0,1	0,2		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Filoloxía Clásica	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Filosofía	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Historia	0,1	0,1			0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Historia da Arte	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Humanidades	0,1	0,1		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Información e Documentación	0,1	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1
	Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Lingua e Literatura Españolas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Lingua e Literatura Galegas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Lingua e Literatura Inglesas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Linguas e Literaturas Modernas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Linguas Estranxeiras	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1
	Tradución e Interpretación	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Xeografía e Historia	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE					
		Bioloxía	Debuxo Técnico II	Física	Matemáticas II	Química	Xeoloxía
CIENCIAS	Bioloxía	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2
	Ciencias Ambientais	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2
	Ciencias do Mar	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2
	Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	0,2		0,1	0,2	0,2	0,1
	Física	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1
	Matemáticas	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1
	Química	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1



RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE					
		Bioloxía	Debuxo Técnico II	Física	Matemáticas II	Química	Xeoloxía
CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2		0,1	0,2	0,2	
	Farmacía	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Logopedia	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Medicina	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Nutrición Humana e Dietética	0,2		0,1	0,2	0,2	
	Odontoloxía	0,2		0,1	0,1	0,2	
	Óptica e Optometría	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Podoloxía	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Psicoloxía	0,2		0,1	0,1	0,1	
	Terapia Ocupacional	0,2		0,2	0,2	0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2	0,2	0,2	





RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE							
		Bioloxía	Debuxo Técn. II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Matemáticas II	Química	Xeoloxía
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2
	Enxeñaría Aeroespacial		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Enxeñaría Agraria	0,2	0,1		0,1	0,2	0,2	0,1	0,2
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	0,2	0,1		0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Enxeñaría Civil		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2
	Enxeñaría da Enerxía		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Enxeñaría de Obras Públicas		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	0,1	0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	0,1	0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Enxeñaría Eléctrica		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría en Organización Industrial		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría en Química Industrial		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría Forestal	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Enxeñaría Informática		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría Mecánica		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría Naval e Oceánica		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría Química	0,1	0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	
	Enxeñaría en Xeomática e Topografía		0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	0,1
	Estudos de Arquitectura		0,2	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2
	Náutica e Transporte Marítimo		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	
Tecnoloxías Mariñas		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		





RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE															
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundament. da Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas as Ciencias Sociais	Química	Xeografía
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Administración e Dirección de Empresas					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte		0,2			0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	
	Ciencia Política e da Administración			0,2		0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,2	
	Ciencias Empresariais					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	
	Comercio					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	
	Comunicación Audiovisual	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2			0,1
	Dereito					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1			0,1
	Dirección e Xestión Pública					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2
	Economía					0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2			0,2
	Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Social		0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2
	Mestre en Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2
	Pedagogía	0,1	0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2
	Publicidade e Relacións Públicas			0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1
	Relacións Laborais e Recursos Humanos						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Socioloxía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2
	Traballo Social						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2
	Turismo						0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,2
	Xestión de Pequenas e Medianas Empresas						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2
	Xeografía e Ordenación do Territorio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2
	Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2

NOTA: ponderacións aprobadas polos respectivos consellos de Goberno das universidades públicas do SUG para o acceso á universidade no curso 2017/18.